

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de setembro de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día cinco de setembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1089).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta das sesións ordinarias do 1 e 8 de agosto de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1090).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES POLO IMPORTE DE 182,31 € EN CONCEPTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á OFICINA DE INFORMACIÓN PRESENCIAL. EXPTE. 779/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 30.08.05, de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá do 02.08.05, conformado pola delegada do Goberno da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva polo importe de 182,31 €, á empresa Atlas Servicios Empresariales, pola prestación do servizo de apoio a oficina de información información presencial desde o 1 ó 5 de xaneiro de 2005.

**3(1091).- CONCESIÓNS DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PERSOAS MAIORES- ANO 2005. EXPTE. 12786/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o acta da Comisión de avaliación da convocatoria de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Conceder as subvencións que de seguido se indican, ás asociacións e entidades que se sinalan, como consecuencia da convocatoria para programas e actividades de persoas maiores, con cargo á partida 3130.4890000 do orzamento vixente, por un importe total de 25.000€.

NOME	CIF	IMPORTE	CONCEPTO
ASOC. 3ª EDAD ROSALIA DE CASTRO	G36750479	2.000	ACTIVIDADES
ASOC. CULTURAL GALLEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS (AULAS 3ª EDAD)	G15496607	2.300	ACTIVIDADES
ASOC. DA 3ª IDADE NEVOX	G36806222	1.400	ACTIVIDADES
ASOC. DA 3ª IDADE QUIÑONES DE LEON	G36760064	1.600	MANTEMENTO
ASOC. DE XUBILADOS E PENSIONISTAS "ALFONSO DANIEL CASTELAO"	G36755254	1.900	ACTIVIDADES
ASOC. DE XUBILADOS E PENSIONISTAS "VILLA GALICIA"	G36745065	1.900	ACTIVIDADES
ASOC. DE XUBILADOS E PENSIONISTAS DO CONCELLO DE VIGO	G36929255	1.800	ACTIVIDADES
ASOC. DE XUBILADOS, PREXUBILADOS E PENSIONISTAS DE CAIXANOVA	G36899144	1.200	ACTIVIDADES
ASOC. GALLEGA DE MAIORES	G36777670	1.400	ACTIVIDADES
ASOC. GRUPO DE MAIORES DE TELEFONICA	G80992555	1.000	ACTIVIDADES
ASOC. LEDICIA	G36852523	1.800	ACTIVIDADES
FOGAR DE XUBILADOS CASABLANCA	G36691343	1.200	ACTIVIDADES
GRUPO DA 3ª IDADE CRISTO DA VICTORIA	G36621803	1.900	ACTIVIDADES
UNION CIVICA MUNICIPAL DE CONSUMIDORES E AMAS DE CASA DE VIGO (UNAE)	G36758167	1.800	ACTIVIDADES
UNION DEMOCRATICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS (UDP)	G36870707	1.800	ACTIVIDADES
<b>IMPORTE TOTAL</b>		<b>25.000</b>	

25

26 2º.- Denegar as solicitudes formuladas polas asociacións que se indican polas razóns que se indican

NOME	CIF	MOTIVO
ASOC. CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS	G36769214	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PARAGRAFO SEGUNDO, BASE QUINTA; NON FIGURAR EN EPIGRAFE DE PERSOAS MAIORES</li> <li>• APARTADO B) BASE TERCEIRA-ACTIVIDADES NON SUBVENCIONABLES POLO SEU CARACTER</li> <li>• APARTADO C) BASE TERCEIRA-AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NON SON EXCLUSIVAS 3ª IDADE</li> </ul>

ASOC. DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO"	G36821817	<ul style="list-style-type: none"> <li>• APARTADO F)BASE TERCIRA-OBXECTIVOS DOS ESTATUTOS</li> <li>• PARAGRAFO SEGUNDO BASE QUINTA; NON ESTA EN EPIGRAFE DE PERSOAS MAIORES</li> </ul>
ASOC. DE VECIÑOS A UNION	G36654036	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PARAGRAFO SEGUNDO, BASE QUINTA; NON FIGURAR EN EPIGRAFE DE PERSOAS MAIORES</li> <li>• APARTADO C) BASE TERCEIRA- AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NON SON EXCLUSIVAS 3ª IDADE</li> </ul>
IRMANDADE DE STA. ANA -BEADE	G36648095	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PARAGRAFO SEGUNDO, BASE QUINTA. NON FIGURAR EN EPIGRAFE DE PERSOAS MAIORES</li> <li>• APARTADO C)BASE TERCEIRA- AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NON SON EXCLUSIVAS 3ª IDADE</li> </ul>

3º.- Dar as ordes oportunas para a publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello.

**4(1092).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 03/1144/301, 11/611, 14/1042, 12/1202. DENEGACIÓN EXPTE.14/148.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo cos informes propostas do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Luis Alfonso Sueiro Vilavedra. 03/1144/301.
- Dª Carmen Saavedra Pérez. Expte. 11/611
- Dª Julia Rodríguez Vázquez. Expte. 14/1042.
- Dª Angela López Millán. Expte. 12/1202.

2º.- Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a Dª Otilia Aмоса Iglesias. Expte. 14/148.

**5(1093).-PROXECTO DE OBRA DO PECHE PERIMETRAL DO RECINTO ESCOLAR DO CEE "SALADINO CORTIZO" DE CABRAL. EXPTE. 7046/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área do Servizo de Educación, do 30.08.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de obra do peche perimetral do recinto escolar do CEE "Saladino Cortizo" de Cabral-Vigo, redactado pola aparelladora municipal de Educación Dª. Beatriz Alonso Asenjo, que obra no expediente.

2º.- Remitir á Diputación Provincial de Pontevedra o proxecto para que o execute.

**6(1094).-REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA CONCESIÓN DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTES DOS RESIDUOS RECICLABLES. EXPTE. 1631/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 01.06.05 conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*En data 1 de agosto de 2003, o pleno desta Corporación acorda, entre outros, a adxudicación á UTE Vigo Recicla (G-36.925.881) do concurso convocado para a concesión do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables.*

*Que, na cláusula VII do prego de condicións administrativas particulares que rexiron o concurso, se recoñece o dereito do contratista á revisión de prezos ordinaria, de conformidade coa fórmula polinómica establecida ó efecto.*

*Que, como consecuencia diso, a UTE Vigo Recicla con data 24 de xaneiro do presente ano, a través do Rexistro Xeral do Concello, presenta solicitude correspondente á primeira Revisión Ordinaria de Prezos, de conformidade co establecido na referida cláusula VII do prego.*

*Que, vista a documentación e a solicitude presentada, este Departamento de Limpeza propón:*

*1º.-Aceptar a solicitude de revisión de prezos ordinaria solicitada pola empresa UTE VIGO RECICLA (G-36.925.881) por un importe de 1.822.702,61 euros (IVE incluído) a partir do 1 de xaneiro de 2005, a prezos de 2004.*

*2º.-Recoñecer o dereito do concesionario a percibir a cantidade de 47.231,98 euros, en concepto de atrasos correspondentes á ano 2004, previa presentación da correspondente factura.*

*3º.-Imputar á partida 4420.2270015 “Recollida selectiva de lixo”, do orzamento do ano 2005, actualmente en vigor, o importe correspondente ós devanditos gastos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1095).-DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 1.500 € A FAVOR DE SOUTELO TRANSPORTES Y DERRIBOS, CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA NA RÚA LOPEZ DE NEIRA Nº 28.EXPTE. 71370/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 24.08.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

*En data 20 de xuño de 2005, por parte de SOUTELO TRANSPORTES Y DERRIBOS, constituíuse un aval de 1.500 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa LOPEZ DE NEIRA, 28 (Expte 71008/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra, SOUTELO TRANSPORTES Y DERRIBOS, en data 3 de agosto de 2005 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 3 de agosto de 2005, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval porque retiraron toda a sinalización de obra.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 20 de xuño de 2005 por SOUTELO TRANSPORTES Y DERRIBOS, con CIF B-36.715.431, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa LOPEZ DE NEIRA, 28, por non producirse danos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1096).-DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 1.200 € A FAVOR DE FEDERACIÓN AAVV EDUARDO CHAO, CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA XIII FESTA VECIÑAL NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 71359/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.08.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

*En data 7 de setembro de 2004, por parte da FEDERACION AAVV EDUARDO CHAO, constituíuse unha fianza de 1.200 € para responder dos posibles danos derivados da celebración da XII FESTA VECIÑAL, o día 19 de setembro de 2004, no parque municipal de Castrelos.*

*Finalizada dita celebración procede a devolución da fianza por non observar danos apreciables.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución da fianza constituída en data 7 de setembro de 2004 pola FEDERACION AAVV EDUARDO CHAO, con NIF G-36681708, por un importe de 1.200 €, para responder dos posibles danos con motivo da celebración da XII FESTA VECIÑAL, o día 19 de setembro de 2004, no parque de Castrelos, por non producirse dano.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1097).-SOLICITUDE DA EMPRESA UNIÓN FENOSA DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A UBICACIÓN DE SUBESTACIÓN . EXPTE. 17205/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 29.07.05, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximé Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico (LSE)
- RDL 1/2000 de 16 de xuño, do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAAPP).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais . (RBEL).

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- Por Union Fenosa Distribución S.A., solicitouse en data 2 de febreiro do presente ano autorización para a ocupación dos terreos de dominio público municipal do Monte do Castro co fin da construción e instalación dunha subestación transformadora 132/20 Kv, tendo presentado na Xerencia Municipal de Urbanismo o correspondente proxecto básico de construción e interesada o outorgamento das licencias de obras e actividades pertinentes.

2º.- O Servicio de Electromecánicos emitiu informe en data 21/02/05 en relación a solicitude de instalación da subestación transformadora

3º.- Así mesmo polo arquitecto municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo o 28/05/2005 remitiu copia do expediente 8611/411 tramitado para a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo referente a reubicación da subestación eléctrica do Castro.

4º.- O servicio de Cartografía da Xerencia efectuou un levantamento da zona obxecto de ocupación achegando plano de deslinde e situación da mesma de data 28/04/05.

5º.- Finalmente o 23/05/05 e 18/07/05 emitíronse informes polo Arquitecto de Patrimonio, sobre ás condicións da ocupación, fixando entretanto o valor da parcela de 560,90 m<sup>2</sup> a ocupar en 44.872 €, un prazo de execución das obras en catro meses, e un canon anual de 2.692,32 €.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** No presente caso á solicitude formulada por Union Fenosa plantexa unha ocupación do subsolo do dominio público municipal con obxecto da construción e instalación dunha subestación eléctrica, o que constitue un uso normal e privativo dun ben demanial pertencente a esta administración municipal, que conseguintemente suxetase o réxime xurídico previsto nos ordeamentos para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación das mesmas se contén no capítulo 1º do título II da Ley 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

**SEGUNDO.-** Os terreos sobre os que proxecta a construción e instalación da subestación, constan no inventario municipal de bens e dereitos deste concello como integrante da propiedade 000179 parque O Castro sito na r/Manuel Olivie s/n desta cidade e con natureza xurídica de ben de servizo público.

**TERCEIRO.-** A situación e delimitación da parcela a ocupar resulta definida no plano que ó efecto se elaborou polo servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo e do que resulta unha superficie total da mesma 623,09 m<sup>2</sup>, e cun valor segundo informe do arquitecto de Patrimonio de 44.872 €. En canto a adecuación dos terreos os fin os que destine cabe deducirla da información remitida pola Xerencia de Urbanismo sobre a tramitación e aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Urbana para a reubicación da subestación eléctrica do Castro, aprobada pola Consellería de Política Territorial e Obras Públicas en data 18/012/05 e publicada no BOP o 11/02/05.

*CUARTO.- En canto o procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa como título habilitante para o uso privativo de dominio público, cabe sinalar que a lei de Patrimonio das Administracións Públicas no seu artigo 93.1 dispoñe o seguinte “Outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuaráse en réxime de concorrencia. Non obstante , podera acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 173.4 desta lei, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis”.*

*A teor do exposto, e tendo en conta o informe emitido pola Consellería de Investimentos, Industria e Comercio o pasado 7 de xullo a solicitude desta administración sobre a posibel concorrencia de outras empresas distribuidoras no sector eléctrico na actuación plantexada pola interesada, e no que chega a conclusión da innecesariedade de promover a concorrencia por tratarse dun patrimonio natural, non habendo outras empresas distribuidoras na zona de distribución de Union Fenosa, deduce un suposto de excepción legal o rexime xeral fixado para o procedemento e forma de adxudicación das concesións administrativas demaniais, e conseguintemente a viabilidade do seu outorgamento mediante a situación directa a prol de Union Fenosa Distribucións S.A.*

*QUINTO.- Da acordo co disposto na normativa de aplicación, elaborouse pola Xefatura de Patrimonio o correspondente prego de condicións administrativas particulares que rexirán a concesión administrativa para a ocupación privativa do dominio público municipal, e establecendose no seu clausulado as condicións e requisitos esixidos regulamentariamente, dentro dos que cabe salientar o do prazo polo que se outorga o título (50 anos prorrogable ata os 75), o canon concesional por un importe de 2.692,32 € revisable anualmente, ou a posibilidade de opción do concello entre a reversión dos bens o a súa demolición.*

*SEXTO.- Resulta competente para aprobación do proxecto de obras e prego de condicións administrativas que sirvan de base e rexirán a concesión a outorgar, a Xunta de Goberno Local e de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, así como para a súa adxudicación.*

*Por tódolo anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- “Aprobar inicialmente o proxecto de obras ordinarias dunha subestación transformadora 132/20 KV presentado por Union Fenosa Distribuciones S.A., e o prego de condicións administrativas que rexiran a concesión administrativa para a ocupación de dominio público coa instalación dunha subestación eléctrica do Monte do Castro”.*

*2º.- “Someter a información pública polo prazo e procedemento regulamentario o proxecto de obras e prego de condicións administrativas aprobados”.*

*Constan no expediente informe favorable de letrada da Asesoría Xurídica, do 08.08.05 e informe do interventor xeral accidental, do 30.08.05, con observacións ao asunto tratado, en vista das cales a técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio emite o seguinte anexo:*

#### *ANEXO*

*A vista do informe da Intervención Xeral deste Concello de data 30 de agosto de 2005, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación do informe proposta da Xefatura da Unidade de Patrimonio coa seguinte modificación: no fundamento de dereito Quinto substituír a cantidade de 2692,32 € por a de 2.243,60 €.*

*Así mesmo no prego de condicións que rexerá a concesión administrativa polo Excmo Concello de Vigo para a instalación dunha subestación eléctrica de 132/20 KW nos terreos municipais sitos no Monte de Castro, cuxa aprobación solicítase no mencionado informe proposta, terá que substituírse na cláusula VII relativa o canon da concesión a cantidade de de 2692,32 € por a de 2.243,60 €.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade cos precedentes informes, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de obras ordinarias dunha subestación transformadora 132/20 KV presentado por Union Fenosa Distribuciones S.A., e o prego de condicións administrativas que rexeran a concesión administrativa para a ocupación de dominio público coa instalación dunha subestación eléctrica do Monte do Castro”, que de seguido se transcribe.

2º.- Someter a información pública polo prazo e procedemento regulamentario o proxecto de obras e prego de condicións administrativas aprobados.

*PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DUNHA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DE 132/20 KILOVOLTIOS NOS TERREOS MUNICIPAIS SITOS NO MONTE DO CASTRO.*

### *CLÁUSULA I.- OBXECTO.*

- 1. O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares da concesión administrativa para a instalación dunha subestación eléctrica de 132/20 Kilovoltios, nos terreos municipais sitos no Monte do Castro desta cidade de Vigo, reflectidos no plano de situación e deslinde de data abril 2005 elaborado polo servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo.*
- 2. De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor de Unión Fenosa Distribución, S.A.*

### *CLÁUSULA II.- PROXECTO DE OBRAS E INSTALACIÓN S.*

- 1. As obras e instalacións da subestación eléctrica realizaranse con arranxo ó proxecto de obras ordinarias presentado por Unión Fenosa Distribución, S.A. (expediente. 4565/401) e unha vez autorizado pola Xunta de Goberno Local.*
- 2. O concesionario dará comenzo ás obras dentro do prazo e nas condicións que se especifiquen na referida licenza municipal de obras, debendo quedar totalmente executadas nun prazo de catro meses.*
- 3. As obras executaranse a risco e responsabilidade exclusiva do concesionario, quen deberá de comunicar por escrito e coa antelación suficiente á administración municipal a data do seu inicio e da identidade do técnico director competente das mesmas.*
- 4. Rematadas as obras de construción e urbanización, o concesionario solicitará por escrito do Excmo. Concello de Vigo o recoñecemento das mesmas, que se practicarás coa asistencia do enxeñeiro municipal encargado e do interesado e o seu técnico, levantándose a correspondente Acta, que será sometida a aprobación da Xunta de Goberno Local.*



### CLÁUSULA III.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

*A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá o uso privativo do subsolo do dominio público de titularidade municipal mediante a construción e instalación dunha subestación eléctrica de 132/20 Kilovoltios.*

### CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

- 1. A concesión outórgase por un prazo de cincuenta (50) anos, ampliábel até un prazo máximo de setenta e cinco (75) anos, a petición do interesado, cunha antelación de seis meses á expiración do primeiro prazo, sendo facultativo o seu outorgamento pola Corporación Municipal, de existir razóns que o xustificasen debidamente.*
- 2. O cómputo do prazo iniciarase ó día seguinte á data no que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.*

### CLÁUSULA V.- GARANTÍAS.

*A garantía definitiva será dun 3% do valor do dominio público ocupado e do presuposto de execución material das obras da subestación eléctrica, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local da adxudicación da concesión administrativa.*

### CLÁUSULA VI.- CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN.

*1.- Autorízase a cesión dos dereitos concesionais exclusivamente a terceiras entidades distribuidoras da enerxía eléctrica, e nas condicións previstas na normativa reguladora do Sector Eléctrico.*

*2.- A transmisión da concesión requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:*

- a) Autorización expresa da Xunta de Goberno Local con carácter previo á cesión.*
- b) Informe favorábel da Administración competente no Sector da Enerxía Eléctrica.*
- c) Que o concesionario leve como mínimo unha quinta parte (1/5) do prazo da concesión.*
- d) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa administración de conformidade co previsto na normativa vixente e reúna as condicións e requisitos e preste as garantías esixidas ó cedente.*
- e) Que a cesión se formalice en escritura pública, debendo conter obrigatoriamente unha cláusula na que se estableza que os dereitos transmitidos extinguiranse, automaticamente, ó vencemento do prazo contractual inicial, revertendo as obras e instalacións ó Concello de Vigo, sen indemnización.*

*3.- A transmisión da concesión será total, producíndose a subrogación do cesionario na totalidade dos dereitos e obrigas do cedente.*

4.- A cesión dos dereitos da concesión obriga a que o cesionario constitúa fianza definitiva en substitución da depositada polo concesionario cedente.

#### CLÁUSULA VII.- CANON DA CONCESIÓN.

- 1.- O concesionario aboará un canon anual de 2.243,60 euros, revisábel e actualizábel anualmente na mesma variación que experimente o índice xeral de prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no ano natural anterior.
- 2.- O canon devengarase dende a data seguinte á da formalización da concesión, e ingresarse na Tesourería municipal mediante procedemento de autoliquidación dentro dos 30 días seguintes á dita data, e periodicamente no mesmo prazo, sen necesidade de liquidación pola Administración de Tributos nin requirimento para o pagamento.

#### CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do proxecto de obras e prego de condicións, dos gastos rexistrados, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

#### CLÁUSULA IX.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓN.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Proxecto de Obras e o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñerase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

#### CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

- a) O Concesionario destinará ós terreos de dominio público obxecto de concesión a construción e instalación dunha subestación eléctrica 132/20 KV e a urbanización da superficie do dominio público ocupado, conforme ós proxectos aprobados e ó presente prego de condicións sen outras modificacións que as que autorice a Administración Municipal, e con exclusión de calquera outro uso ou destino.
- b) Asumir a financiación da totalidade das obras e instalacións, e no seu caso, das modificacións que se poidesen introducir no proxecto ou durante a vixencia da concesión.
- c) Manter en perfecto estado de conservación, limpeza e ornato, as instalacións e terreos afectos, coidando todo co máximo decoro e estética, efectuando as reparacións ordinarias e extraordinarias que fosen precisas ó efecto, cumprindo estritamente as disposicións de carácter xeral e instrucións que dicte a autoridade competente.
- d) Manter á súa custa a vixilancia permanente da subestación eléctrica.
- e) Non allear nin gravar ningún tipo de bens afectos á concesión que houbesen de revertir ó Concello agás coa autorización expresa do Concello.

*Unicamente autorizarase a constitución de hipoteca sobre os dereitos concesionais como garantía de préstamos contraídos polo concesionario para a financiación da realización, modificación ou ampliación da obra e instalacións fixas situadas no dominio público ocupado.*

- f) Satisfacer os tributos legalmente establecidos e aboar os gastos por mantemento das edificacións, materiais e instalacións.*
- g) Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros salvo nas condicións establecidas no presente prego e previa a autorización municipal.*
- h) Cumprir as demais obrigas, ó seu cargo, previstas neste prego, que resulten de aplicación.*
- i) Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión de obras ou traballos obxecto de construción de aparcamento e dos derivados do uso privativo do dominio público explotación, ou a propia administración municipal, conforme ó previsto na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial.*
- j) Inscribir no Rexistro da Propiedade a concesión.*
- k) A obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións legalmente esixíbeis, e o pagamento dos impostos correspondentes.*
- l) A cumprir as disposicións vixentes, ou que no sucesivo se dicten, que afecten ó dominio público concedido e ás obras e actividades que no mesmo se desenvolvan.*
- m) Colocar pola súa conta un cartel anunciador da execución das obras coas características que lle sinala o Concello e sinais indicativos de obra, perigo, precaución ou desviación e calquera outras que estableza o departamento municipal de Tráfico e Circulación.*
- n) Concertar póliza de responsabilidade civil que asegure o inmóbel e instalacións da concesión cunha compañía aseguradora legalmente constituída, durante a vixencia da concesión e polo valor alomenos do importe estimado para o cálculo da garantía definitiva.*

#### *CLÁUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE.*

- a) Autorizar, previa petición do concesionario, a constitución de hipoteca sobre a concesión, conforme ó previsto na Lei Hipotecaria e o seu Regulamento, debendo estar cancelada ó menos cinco anos (5) antes do termo da concesión.*
- b) Permitir a ocupación do dominio público e outorgar a protección adecuada que resulte indispensable para a construción da subestación e utilización do dominio público obxecto da concesión.*
- c) Inspeccionar as obras e instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ó persoal municipal para que o verifique.*

*A Corporación Municipal a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle sinala. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionarase pola comisión dunha falta leve coa imposición de multa en grado máximo, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do*

novo prazo sinalado, sancionarse como infracción grave coa imposición dunha multa en grado máximo. Se, non obstante a segunda sanción económica, o concesionario non executase as reparacións, procederase a instruír expediente de caducidade da concesión.

- d) O dereito a deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se o xustifican circunstancias de interese público, con indemnización o seu titular polo prexuízo material que se le orixine, excepto cando o rescate estea baseado en motivos imputábeis ó concesionario, suposto no que non procederá o resarcimento de danos e indemnizacións de prexuízos de acordo co art. 80.10 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.
- e) Calquera outra facultade prevista neste prego ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria.

## CLÁUSULA XII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

### A).- INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

#### a) Faltas leves:

- 1) A mera desobediencia non reiterada a calquera orde da Administración que implique mera negligencia.
- 2) As deficiencias na execución das obras que non supoñan incumprimento substancial.
- 3) O retraso non superior a 15 días no inicio das obras ou no prazo máximo de execución.

#### b) Faltas graves:

- 1) A reiteración de calquera das infraccións ou faltas consideradas como leves, sempre que sexan firmes en vía administrativa.
- 2) O incumprimento de calquera das obrigas do concesionario que revistan carácter esencial e non se cualifiquen de leves nin dean lugar á caducidade da concesión.
- 3) O incumprimento de obrigas que perturben a execución das obras, incluídas as ordes de modificación.
- 4) Desobediencia reiterada do concesionario ás disposicións ou resolucións municipais sobre conservación das obras ou instalacións.
- 5) O retraso en máis de 15 días e non superior a 30, no inicio das obras ou no prazo máximo de execución.
- 6) Infracción comprobada no que respecta á limpeza, mantemento ou conservación das obras, instalacións e dominio público.

## *B).- SANCIONES.-*

*1. As infraccións previstas no presente prego serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:*

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de até 1.000 euros.*
- b) Pola comisión de infracción grave: multa de 1.001 até 3.000 euros.*

*2. O importe das contías das sancións referidas na presente condición entenderanse automaticamente revisadas e experimentará as mesmas variacións que o canon, conforme ós incrementos ou diminucións do IPC.*

*3. A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondene á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.*

*4. As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:*

- a) O grado de culpabilidade do infractor.*
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- c) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
- d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.*
- e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.*

## *C).- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR:*

*O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Comun, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.*

### *I.- Órgano competente para imposición das sancións.-*

- 1. As sancións por infraccións leves imporanse polo Alcalde.*
- 2. As sancións por infraccións graves imporanse pola Xunta de Goberno Local.*

### *II.-Prazo de prescripción das infraccións e sancións.-*

- 1. As infraccións graves prescribirán ós dous anos e as leves ós seis meses.*
- 2. As sancións impostas por faltas graves prescribirán ós dous anos, e as impostas por faltas leves ó ano.*

3. O prazo de prescripción das infraccións comenzará a contarse dende o día no que a infracción se acometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.

4. O prazo de prescripción das sancións comenzará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

### III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorre o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

### CLÁUSULA XIII.- CADUCIDADE DA CONCESIÓN.

Procederá á declaración de caducidade nos supostos especiais seguintes:

- a) *Disolución ou quebra da sociedade concesionaria.*
- b) *Incorrer en defectos graves na execución das obras que afecten á seguridade, a menos que sexan subsanadas coas debidas garantías técnicas.*
- c) *O retraso en mais de 30 días, sen causa xustificada, no comezo das obras ou no prazo previsto para o seu remate.*
- d) *Impagamento do canon a favor do Concello sempre que a demora sexa superior a seis meses.*
- e) *Cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión sen seguir o procedemento establecido no presente prego.*
- f) *Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais sen autorización previa da Administración Municipal.*
- g) *Destinar os terreos de dominio público concedidos, ou as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados neste prego.*
- h) *O incumprimento reiterado as ordes ou instruccións dictadas pola Administración, referente a conservación e mantemento das obras, instalacións ou dominio público.*
- i) *A comisión de dúas ou máis faltas graves cometidas no prazo dun ano, sempre que as sancións fosen firmes.*
- j) *A invasión do dominio público non outorgado na concesión ou o aumento de superficie ou volume construído respecto do proxecto que se aprobe.*
- k) *A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas, sempre que se deba a caso fortuito ou forza maior. Neste caso, o concesionario poderá optar entre a extinción da concesión sen indemnización ningunha, ou a reconstrución das obras na forma e prazo que lle sinala a Corporación Municipal, sen que se altere o prazo concesional primeiramente sinalado. Se a destrución ocorre por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que de el dependan, a opción anteriormente establecida corresponderá á*

*Corporación Municipal, a que poderá, en todo caso, obrigar ó concesionario á reconstrución das obras, sen prexuízo das demais responsabilidades que lle foran esixíbeis.*

- l) A falta de utilización, durante un periodo dun ano, das obras e instalacións da subestación eléctrica, a non ser que obedeza a xusta causa.*

*Corresponde á Corporación Municipal en cada caso concreto, calificar as causas alegadas polo concesionario para xustificar o non uso da concesión. A este obxecto, o concesionario queda obrigado, antes de que transcorra o ano, a poñer en coñecemento do Excmo. Concello as circunstancias que motiven a falta de utilización das instalacións. Se a Corporación Municipal considera inadecuadas as causas alegadas polo concesionario, incoará expediente de caducidade da concesión.*

#### **CLÁUSULA XIV.- REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS.**

*1.- Ó vencemento da concesión o concesionario deberá deixar os terreos a libre disposición do Concello de Vigo, en condicións de perfecto uso conforme o seu estado e ser primitivo, demolendo á súa custa as obras e instalacións da subestación, e conservando o espazo libre de uso público sobre a mesma.*

*2.- O Concello poderá optar pola reversión gratuita, libre de cargas e gravames, e sen dereito a indemnización ou contraprestación ningunha, das obras e instalacións da subestación eléctrica en perfecto estado de conservación e funcionamento do servizo, debendo comunicarllo ó concesionario cunha antelación de tres meses a data de extinción da concesión*

*Da recepción pola Corporación Municipal dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose os deterioros que presenten. Se existisen deterioros, a acta servirá de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, que se esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.*

*3.- Estabéllese como prazo máximo para o desaloxamento do dominio público a que se refire nos precedentes apartados, o de quince días hábiles desde a data de vencemento da concesión, ou dun mes se conleva a demolición da obra.*

#### **CLÁUSULA XV.- TRIBUNAIS COMPETENTES.**

*A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xordan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.*

#### **CLÁUSULA XVI.- RÉXIME XURÍDICO.**

*No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.*

**10(1098).- APROBACIÓN INICIAL DA AFECTACIÓN AO USO PÚBLICO DE TERREO MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN E INSTALACIÓN DUN ROTEIRO ENTRE OS CONCELLOS DE VIGO E REDONDELA. EXPTE. 17228/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.08.05, conformado pola xefa de Area de Réxime Interior, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).*
- *Decreto de 17 Junio 1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).*

**ANTECEDENTES:**

*PRIMEIRO.- O Concello de Redondela, en escrito de data 3 de marzo de 2005, achegou un proxecto de roteiro que discorre pola antiga traza da traída de augas que une os Concellos de Vigo e Redondela, que posibilita a recuperación e aproveitamento dun corredor verde para disfrute dos veciños, permitindo a recuperación e ampliación da flora autóctona existente, e que ó tempo constitúe un importante reclamo turístico para a zona.*

*SEGUNDO.- Na instrución do expediente deuse traslado do devandito proxecto de roteiro ós servizos municipais competentes para o seu informe, recabándose os seguintes:*

- *Informe da U.T.E. AQUALIA-FCC S.A., concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de augas, de data 12 de abril de 2005.*
- *Informe do xefe de servizo de Vías e Obras, de data 15 de abril de 2005*
- *Informe do xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 15 de abril de 2005.*
- *Informe da Coordinadora de Turismo e Comercio, de data 17 de maio de 2005.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*PRIMEIRO.- O proxecto presentado polo Concello de Redondela ten por obxecto o establecemento dun Roteiro para o uso e disfrute dos veciños, que discorrerá pola traza do canal de Eiras, no tramo que atravesa o termo municipal de Redondela.*

*Os terreos polos que discorre a traza do canal de Eiras son de titularidade do Concello de Vigo, estando afectos, na actualidade, ó servizo público de abastecemento de auga que, en réxime de concesión administrativa de servizo público, vén xestionando a U.T.E. AQUALIA FCC S.A., mediante contrato asinado en data 8 de xaneiro de 1991.*

*SEGUNDO.- O vencellamento dos terreos ós devanditos fins de servizo público determina a natureza demanial destes e o réxime xurídico ó que están suxeitos. Neste senso, o artigo 5.4 da LPAP establece a xerarquía normativa das disposicións que regulan os bens de dominio público dispoñendo, “Os bens e dereitos de dominio público rexeranse polas leis e disposicións especiais que lle sexan de aplicación e, a falta de normas especiais, por esta Lei e as disposicións que a desenvolvan ou complementen. As normas xerais de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado, se aplicarán como dereito supletorio”*



*A afectación actual destes terreos ó servizo público de abastecemento de augas, fai inviábel a posibilidade dunha alteración da natureza xurídica mediante a súa desafectación, ó non darse un dos requisitos esenciais que esixe o ordenamento xurídico para acadala, a oportunidade da alteración (Art 269.1 da LALG "A alteración da calificación xurídica dos bens das Entidades Locais require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade..."), xa que ó resultaren estes necesarios para a prestación do servizo público, como así resulta do informe da concesionaria referenciado nos antecedentes do presente informe-proposta, carece de causa algunha na que poder fundamentala e xustificala.*

*TERCEIRO.- Descartada, conseguintemente, a posibilidade da alteración da natureza xurídica do ben como trámite previo á súa afectación ó uso público como roteiro, non obstante, co fin de facer viábel a execución dun proxecto que semella de interese común para ambas as dúas administracións intervinientes, plantéxase a posibilidade dunha afectación concorrente a máis dun uso ou servizo público.*

*O artigo 67 da LPAP regula as afeccións concorrentes establecendo que :“1. Os bens e dereitos do patrimonio do Estado poderán ser obxecto de máis dun uso ou servizo da Administración Xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, sempre que os diversos fins concorrentes sexan compatíbeis entre sí./ 2. A resolución na que se acorde a afectación a máis dun fin ou servizo determinará as facultades que lle corresponden os diferentes departamentos ou organismos, respecto da utilización, administración e defensa dos bens e dereitos afectados.”*

*CUARTO.- O artigo 67 da LPAP non ten a condición de lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149 da Constitución Española, segundo a Disposición Final Segunda da mesma lei, e polo tanto non resulta de aplicación directa ás Administracións Públicas distintas da Administración Xeral do Estado. No entanto, tendo en conta o réxime xurídico do Patrimonio das entidades locais, no que a propia LPAP ten a condición de lexislación básica reguladora do réxime patrimonial das Administracións Públicas (artigos 1 e 2.2 LPAP) e a xerarquía normativa das disposicións aplicables os bens e dereitos de dominio público local, prevista no artigo 5.4 da LPAP, en relación co artigo 1.2 do RBEL, pódese considerar que, ante a falta dunha norma especial no réxime xurídico das entidades locais que regule as afeccións concorrentes, ou doutras disposicións propias deste réxime que entren en contradición ou oposición co disposto no artigo 67 da LPAP, resulta procedente a súa aplicación subsidiaria ó patrimonio das entidades locais, como norma xeral de dereito administrativo, de acordo co disposto no devandito artigo 5.4 da LPAP.*

*QUINTO.- A teor do mencionado artigo 67 da LPAP, a concorrencia de afeccións require a compatibilidade dos distintos fins ós que se destina o ben, así como a regulación das diferentes facultades administrativas que sobre o ben poidan exercitar as administracións intervinientes.*

*No que atinxe o primeiro dos requisitos, dos informes emitidos e reseñados nos antecedentes do presente, dedúcese a compatibilidade da afección ó uso público para o roteiro proxectada, coa de servizo público de abastecemento de auga ó que están vencellados na actualidade os terreos da antiga traza do canal de Eiras, sendo esta afección ó servizo público a principal e, polo tanto, prevalente sobre a de uso público proxectada, a cal deberá axustarse nos seus termos e condicións ás prescricións técnicas e limitacións no uso que resulten dos acordos intermunicipais a adoptar para o desenvolvemento e execución do devandito proxecto.*

*A concorrencia de afeccións, non constitúe, conseguintemente, unha alteración ou mutación na natureza xurídica do ben, polo que a vixente concesión administrativa para a xestión do servizo de abastecemento de augas ó termo municipal de Vigo, a que se atopan vencellados os terreos, non resulta modificada ou alterada no seu réxime contractual.*

*En canto a regulación e coordinación das facultades que lle correspondan ós Concellos de Vigo e Redondela, respecto da utilización, administración e defensa dos bens e dereitos afectados, instrumentalizarase no marco dun convenio de colaboración a asinar entre ambas as dúas administracións (art. 129.2 LPAP), consonte ás normas administrativas que o regulan (art. 6 e 8 da LRJAP), e no que ó Concello de Redondela corresponderalle, entre outras obrigas, a execución das obras e instalacións necesarias para o establecemento*

do Roteiro, así como o mantemento, conservación e vixilancia do mesmo, todo iso sin prexuízo dos deberes de colaboración e cooperación entre Administracións públicas, principios básicos que rexen tanto as relacións interadministrativas en materia do patrimonio público (artigos 6.g, 183 e 185 da LPAP) como a prestación de actividades ou servizos concorrentes ou complementarios das entidades locais (art. 10 LRBRL).

*SEXTO.- Correspóndelle a Xunta de Goberno Local, a adopción do acordo resolutorio sobre o presente expediente de afectación ó uso público con destino a roteiro dos terreos polos que discorre a traza do Canal de Eiras, ó ter atribuída a competencia na xestión do patrimonio, consonte o disposto no artigo 127.1.f da LRBRL.*

*En mérito ó que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a afectación ó uso público, con destino a execución e instalación dun Roteiro entre os Concellos de Redondela e Vigo, os terreos de titularidade municipal polos que discorre a traza do Canal de Eiras.*

*SEGUNDO. Someter o presente acordo de afectación ó uso público a información pública polo prazo dun mes para a presentación de alegacións, considerándose aprobado definitivamente de non formularse ningunha.*

*TERCEIRO. Dar traslado do presente acordo ó Concello de Redondela, á U.T.E. AQUALIA FCC S.A e demais interesados no expediente.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1099).- PRÓRROGA DE CONTRATOS DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 4681/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servicio de Educación, do 09.06.05, conforme o xefe de Negociado de Patrimonio, o concelleiro delegado da Area de Asuntos Sociais e o interventor xeral, que di o seguinte:

*O Ilmo.Sra.Alcalde, con data 12 de xuño de 2003 adxudicou:*

- Lote A (monitoraxe) do programa educativo VIGO POR DENTRO a Producción e Xestión Cultural, S.L.. e,
- Lote B (transporte) do concurso para a execución do programa educativo VIGO POR DENTRO a Autocares La Florida, S.L.

*Ambos por un período de 2 anos, prorrogable a dous anos máis.*

*O 27 de agosto de 2005 remata o prazo do contrato do lote B (transporte) adxudicado a Autocares La Florida, S.L., e o 21 de novembro de 2005 remata o prazo do lote A (monitoraxe) adxudicado a Produccións e Xestión Cultural,S.L.*

*Aprobada en Xunta Local de Goberno de 25 de xuño de 2005 a revisión de prezos para ambas empresas adxudicatarias, formúlase proposta para autorizar a primeira prórroga da seguinte maneira:*

*“ Aprobar a 1ª prórroga do contrato a:*

- Lote B (transportes) a Autocares La Florida, S.L. a execución do programa educativo VIGO POR DENTRO e con efectos desde o día 28 de agosto de 2005 a 28 de agosto de 2006, polo importe de 77.479,65 €. ,do que 25.826,55 € corresponden ao presuposto de 2005 e 51.653,40 € ao presuposto futuro de 2006
- Lote A (monitoraxe) a Producións e Xestións Culturais, S.L. a execución do programa educativo VIGO POR DENTRO e con efectos desde o día 22 de novembro de 2005 a 22 de novembro de 2006, polo importe de 62.760,00 €, do que 6.270,00€ corresponden ao presuposto de 2005 e 56.490,00€ ao presuposto futuro de 2006

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1100).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ MANUEL ROZAS PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 23/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 29.08.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Don José Manuel Rozas Pérez, no seu propio nome e en nome e representación de don Francisco Alberto Pérez Costas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de decembro de 2003, no que expón que o día 13 de xaneiro do mesmo ano, aproximadamente ás 09:20 horas, cando circulaba co vehículo propiedade de don Francisco Alberto Pérez Costas matrícula PO-0267-BJ, sufriu un accidente de circulación ó esvarar por mor do xeo que se formou na calzada a consecuencia da auga que desbordaba dunha arqueta en mal estado, sita á altura do nº 110 da Avda. Ramiro Pascual de Beade. A resultas do accidente, o vehículo do Sr. Pérez impactou contra un muro e posteriormente foi golpeado na súa parte traseira por outro vehículo, resultando sinistro total e o sr. Rozas sufriu diversas lesións, obxecto, ambos os dúos conceptos, os danos materiais do vehículo é os persoais do conductor, da presente reclamación.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, no que se fai constar que a causa do accidente foi a existencia de placas de xeo na calzada. Así mesmo, comprobán que a auga estancada na calzada, que orixinou a formación do xeo, proviña dunha arqueta pertencente á empresa Seragua, da cal manaba auga.*
- *Informe do servizo de bombeiros, de data 01/07/2004, manifestando que “o xeo que se produciu foi a consecuencia das baixas temperaturas, a auga procedía dunha fuga dunha boca de rego de Seragua”.*
- *Solicítase informe a Aqualia, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, en data 22/07/2004, e non se recibe resposta.*
- *Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 22/09/2004, que coantifica os mesmos en 6.029,27 euros.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 23/11/2004, comunicando que a valoración achegada do valor venal do vehículo en 3.290 euros é correcta.*

- *Evacúase trámite de audiencia a Aqualia, en data 17/03/2005, e non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 22/04/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto, está obrigado a indemnizar ó perxudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e sumidoiros (artigos 25.2.l 1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 5 de xullo de 1990, outorgou concesión administrativa deste servizo público á Unión Temporal de Empresas Seragua -FCC, S.A.(agora Aqualia-FCC, S.A).*

*A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente debeuse a existencia na calzada dunha praca de xeo orixinada pola auga que manaba dun sumidoiro, tal e como se establece no Parte do servizo da Policía Local.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá, tanto sobre a procedencia da indemnización, como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.*

*Respecto ós danos materiais, do valor venal do vehículo, 3.290 euros, temos que descontar o importe correspondente á indemnización recibida da Cía. Allianz, aseguradora do vehículo PO-2404-BB, que colisionou coa parte posterior do vehículo do reclamante, por un importe de 584 euros así como a cantidade recibida da empresa de desgüaces, 600 euros, ó entregarlle o mesmo tras ser declarado sinistro total.*

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don José Manuel Rozas Pérez, no seu propio nome e en nome e representación de don Francisco Alberto Pérez Costas, polos danos persoais sufridos polo sr. Rozas e os danos materiais sufridos polo vehículo do sr. Pérez matrícula PO-0267-BJ.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a UTE Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ós reclamante nas seguintes contías: 6.029,27 euros a D. José Manuel Rozas Pérez e 2.106 euros a D. Francisco Alberto Pérez Costas.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(1101).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA “G.C.M., S.L.” POR IMPORTE DE 94,99 € POR SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A CASA DO CESTEIRO NO ANO 2004. EXPTE. 2663/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 11.08.05, o informe de Intervención Xeral do 31.08.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 26.05.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 94,49 euros a favor da empresa GCM S.L. (CIF B-36686400) pola subministración de material técnico especial para A Casa do Cesteiro no ano 2004, conforme á súa factura n1 5880 do 17.12.04, presentada no Rexistro Xeral na data do 20.12.04 (nº doc. 40128834).

2º.- Imputalo á partida 4531.2210900 “Material técnico especial” dos orzamentos municipais do 2005 (ou bv).

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

#### **14(1102).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO-XULLO 2005. EXPTE 15936/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 31.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interiores, do 30.08.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de marzo-xullo 2005, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comezan por D. Carlos Abalde Fernández e remata por D. Ruben Veiga Garcia, por un total de 327.00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan e que comeza por D. Iván Abalde Casanova e rematan por D. Antonio Vivero Mijares (Xulgados) e por D. Constante Alonso Caride e remata por d. Jaime Villar Salgueiro, por un total de 1194,3.- horas.
- Inspección de Vías e Obras, relación que comeza por D. Julio Gomez Pascual e remata D. Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 169.00 horas.
- Servicio de Desinfección, relación que comeza por D. Ricardo Gonzalez Arzua e remata por D. José Manuel Sousa Atrio, por un total de 127.30 horas.
- Conserxería, relación que se achega de D. Francisco Martínez Muñoz e Dª Teresa Vaqueiro Herbelo, por un total de 48.15 horas.
- Alcaldía, relación que se achega e que comeza por D. Basilio Costas Fernández e remata por D. Cesareo Rocha Paramés, por un total de 135.30 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que comeza por D. Jose Carlos Alján Martinez e remata por Jose Luis Vidal Alvarez, por un total de 553, horas.
- Ospio, relación de D Eugenio Matilde Viñas, por un total de 56 horas.

O montante do presente expediente ascende a un total de dezanove mil douscentos seis euros con vinteseis céntimos € ( 19.206,26.- €)

**15(1103).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA FACER PRÁCTICAS NA CONCELLERÍA DE TURISMO DE Dª NINA ANDERSEN. EXPTE 1674/104.N ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Servicio de Turismo, do 24.08.05, conformado pola concelleira de Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a Dª. Nina Andersen, con DNI 210479-1754, á realización de prácticas no Departamento de Turismo, a partir do día 17 de outubro ata o día 17 de xaneiro 2006, co obxecto de ampliar coñecementos relacionados cos estudos que está realizando, en horario de oficina e baixo a supervisión do funcionario que teña ó seu cargo as funcións propias dos coñecementos que pretende adquirir.

2º.- Esta autorización de realización de prácticas non suporá, nin por parte do solicitante, nin da Corporación, vínculo ou relación contractual ningunha, polo que a solicitante non terá relación de dependencia co Concello, que somente se compromete a expedir un certificado sobre ditas prácticas realizadas cando rematen as mesmas. A Universidade de Aalborg, suscribirá o seguro de accidentes que lle dará cobertura.

3º.- Aprobar o texto do Convenio entre a Universidade de Aalborg e o Concello de Vigo, que de seguido se transcribe.

ACORDO ESPECÍFICO DE ESTANCIA DE PRACTICA PROFESIONAL

Empresa: Concello de Vigo (Concellería de Turismo).  
Dirección: Praza do Rey s/n 36202 Vigo.  
Teléfono/Fax: 986810199 – 981810110  
Persoa de contacto: Lucía Molaes Pérez (Concelleira de Turismo)  
E-mail: ofi.turismo3avigo.org  
Nome do estudante: Nina Andersen

Por favor, rechee os seguintes puntos (Vexase o documento anexo sobre as condicións vixentes do arranxo da práctica profesional da Universidade de Aalborg).

1.- Programa dos traballos acordados durante a práctica profesional:

- 1) Guía de rotas turísticas peonais.
- 2) Guía do servizo bus turístico.
- 3) Informadora turística nas oficinas de información.
- 4) Traballo de oficina na Concellería de Turismo.

2.- Período de práctica profesional:

Data inicial: outubro 2005

Data final: xaneiro de 2006.

3.- Subsidio económico estudante : para el

Si No

En caso que si, por favor indique a cantidade: .....

4.- Outras condicións/acordos:

A realización de prácticas non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo. A concesión das prácticas tampouco dara lugar á inclusión no réxime da Seguridade Social á estudante en practicas.

As informacións precedentes son aceptadas por:

Representantes da empresa/organización: Lucía Molaes Pérez (Concelleira de Turismo)

A estudante: Nina Andersen

Representantes da Universidade de Aalborg, a Oficina Internacional (Louise Andersen y Gitte Norgaard Jensen, coordinadoras da práctica profesional).

CONDICIÓN ESTÁNDAR.

O acordo de “práctica profesional” da Universidade de Aalborg inclue (respectivamente) a:

A Universidade de Aalborg.

A empresa/ a organización.

O estudante.

As condicións aquí abordadas son aplicables ás 3 partes interesadas, a saber, a Universidade de Aalborg, a empresa e o estudante.

A Universidade de Aalborg:

1. A Universidade é responsable da práctica e ten que asegurar que haxa conformidade entre os traballos acordados e as competencias do estudante.
2. O estudante está vinculado a un tutor á hora de elixir a empresa/organización e durante e despois da estadía. Ademais o tutor está disponible para a empresa/organización.
3. A Universidade, en caso de ser necesario, lle facilita un visado ao estudante.
4. A Universidade procura que o estudante esté preparado para realizar os traballos acordados.

A empresa/a organización:

1. A empresa/a organización debe en cooperación coa Universidade e o estudante elaborar un plan dos traballos que correspondente ao estudante.
2. En caso de que o estudante teña que viaxar, durante a estadía para a realización de tarefas concernientes á empresa/organización, están cubrirán os gastos de transporte.
3. O estudante debe ser vinculado a unha persoa da empresa/ organización que lle pode asistir/axudar cos traballos acordados así como aconsellarlle con respecto ás dúbidas prácticas p. Ex. Horarios, transporte, etc.
4. Ao remate da práctica profesional a empresa/organización debe documentar por escrito que o estudante realizou a estadía.
5. A empresa/organización non está obrigada a remunerar o traballo realizado polo estudante.
6. Se os traballos acordados non son relevantes para a elaboración do informe, obrigatorio de estadía, sería unha grande axuda para o estudante ter un día libre semanal para ese propósito.

O estudante

1. O estudante é responsable de cumprir cos traballos acordados así como as condicións establecidas pola Universidade de Aalborg no folleto sobre práctica profesional.
2. O estudante ten que respectar as regras da empresa/organización sobre os horarios, os procedementos de traballo.
3. Durante a estadía na empresa/organización o estudante ten que elaborar un informe e un traballo en base aos traballos realizados ou outros temas relevantes para a empresa/organización. Á chegada o estudante será examinado na Universidade de Aalborg.
4. Ao non elaborar un traballo baseado nun traballo específico realizado durante a estadía, o estudante ten que presentarlle os resultados provisionais de traballo á empresa/organización antes de rematar a práctica profesional. Cando a Universidade de Aalborg avaliara o traballo, o estudante ten que enviar unha copia á empresa/organización.
5. O estudante encárgase de reservar os billetes de avión, efectuar o seguro e o visado.

Condición económicas:

O estudante recibe bolsas que deben cubrir a maior parte dos gastos da estadía. A Universidade de Aalborg contribúe á estadía cunha bolsa que reciben todos os estudantes. Ademais desta asignación os estudantes daneses reciben unha pequena bolsa mensual do Estado.

A empresa/organización contan cunha axuda gratis durante varios meses. Calquera tipo de remuneración, por mínimo que fora, suporía unha grande axuda aos gastos do estudante; aluguer, transporte, comida, etc.



**16(1104).- CONVOCATORIA DE TRES BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS DA CONCELLERÍA DE TURISMO PARA O PERÍODO DO 15 DE OUTUBRO DE 2005 O 15 DE XUÑO DE 2006. EXPTE 1673/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo, Comercio e Industria, do 25.08.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria de tres bolsas de formación, segundo ás bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 18 de abril de 2005, para a realización de prácticas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería, que se desenvolverán dende o 15 de outubro do 2005 ata o 15 de xuño do 2006, ámbolos dous inclusive.

2º.- Aprobar o gasto de 18.000 € para a dotación económica das bolsas de formación, dos que 5.625 € serán imputados con cargo a partida orzamentaria 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto actualmente en vigor para o ano 2005 (15 de outubro ó 31 de decembro) e o resto, 12.375 €, imputados a partida 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións” do exercicio do 2006.

3º.- Aprobar o gasto de 180 € para cubrir as pólizas de seguro por risco profesional para cada un dos adxudicatarios/as das becas, con cargo á partida 7510 2240000 do presuposto actualmente en vigor.

4º.- Que se libre a xustificar a cantidade de 5.625 € -correspondentes os dous meses e medio que quedan ata finais de ano (15 outubro - novembro e decembro), con cargo á partida 7510 48 10000, a favor de Don Carlos Soto, con D.N.I. 35.966.988 W, para proceder ó pagamento mensual das becas ata finais de ano. Que se ingrese esta contía na conta habilitada do Departamento de Turismo número 2080 0000 78 0040246105.

**CONVOCATORIA DE TRES BECAS PARA A REALIZACIÓN PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACION E SERVICIOS TURÍSTICOS**

**PRIMEIRO.- OBXECTO**

*En virtude do establecido no artigo 28 da Lei de Bases de Réxime Local e disposicións concordantes, así como na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, a Concellería de Turismo do Concello de Vigo convoca a concesión de becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos para o período invernal 2005-2006.*

**SEGUNDO: NÚMERO DE BECAS**

*Convócanse 3 bolsas para a realización de prácticas de información nas oficinas de información turística e servizos turísticos que a Concellería porá en funcionamento para o período invernal.*

**TERCEIRO: DOTACION**

*A contía da convocatoria ascende á totalidade de 18.000€, que se imputarán á aplicación presupostaria 751.0.481.00.00 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto para o ano 2005 da Concellería de*

Turismo actualmente en vigor; 5.625 € o presuposto correspondente ó ano 2005 ( 2,5 meses) e os 12.375 € restantes ó presuposto do ano 2006 (5,5 meses).

Ademais, o Concello suscribirá un seguro individual de accidente para cada unha das bolsas, que será imputado á partida 751.0.224.00.00, "Seguros", do presuposto correspondente o ano 2005.

#### CUARTO: PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

#### QUINTO: SOLICITUDES

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes deberán acompañarse da documentación requirida nas bases desta convocatoria.

#### SEXTO: DURACION DAS BOLSAS

As prácticas terán unha duración de oito meses durante o período invernal. Comezando, en principio o día 15 de outubro de 2005 e rematando o día 15 de xuño de 2006. No caso de que o comezo das prácticas tivese que retrasarse por algunha causa, o remate prolongarase tantos días como se teña retrasado o comezo da actividade.

#### SETIMO: BASES

Apróbanse as bases que se relacionan no Anexo I, que rexirán a convocatoria de becas destinadas á realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos durante o período invernal, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en réxime de concurrencia competitiva.

#### OITAVO: PRAZO RESOLUCION E NOTIFICACION

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.
2. A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A practica de dita notificación ou publicación axustarase á disposición contida no artigo 59 da citada Lei.

#### BASES PARA A CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS.

O desenvolvemento do sector turístico e o necesario incremento dos niveis de calidade dos servizos que se prestan ó turista, recomendan aumentar o grado de especialización dos profesionais da actividade turística, proporcionándolles a posibilidade de mellorar o seu nivel de formación e coñecemento do sector, mediante a convocatoria de becas de prácticas profesionais de especialización.

O Concello de Vigo está a adoptar unha serie de medidas para acadar os fins sinalados. Entre estas medidas está a de favorecer o acceso a prácticas de información turística ós/ás Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística e Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas.

Precisamente co obxectivo de potenciar a formación do sector e a mellora da calidade dos servizos turísticos, obxectivo éste de interese público, a administración, consonte ó establecido no artigo 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, e ó abeiro dos principios de incentivación de

encadran na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, realiza a convocatoria de axudas públicas con estes fins de carácter social e económico.

Por todo o antedito, e en virtude das competencias atribuídas ós municipios no artigo 28 de Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e concretamente, en relación ó turismo e o comercio, no artigo 25.2.m), e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, e consonte o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, mediante o que se regula o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concurrencia competitiva, a Concellería de Turismo realiza unha convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos, coas seguintes

#### BASES DA CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS (ANEXO I)

PRIMEIRA: Modalidade

Becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais durante o período indicado na convocatorias das bases.

SEGUNDA: Número

O número de bolsas que se convocan para a realización de prácticas nas oficinas de información turística e outros servizos turísticos será do número indicado na convocatoria.

TERCEIRA: Requisitos dos bolseiros/as

Ademais dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data. Só poderán concurrir a esta convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1977.
2. A concesión das bolsas de estudos é incompatible con outras axudas simultáneas que conceda o Concello de similar contido e alcance.

Para a acreditación destes requisitos e dos méritos que aleguen os candidatos/as, deberán cumprir o especificado na base novena desta convocatoria.

CUARTA: Duración.

A duración das bolsas será a especificada na convocatoria.

QUINTA: Dotación das bolsas e aboamento.

A dotación das bolsas será especificada na convocatoria.

O importe da axuda será obxecto das correspondentes retencións do rendemento ó traballo, estipuladas legalmente.

SEXTA: Natureza xurídica da relación.

A condición de bolseiro/a en virtude da convocatoria non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo. Os titulares da beca serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que implique a devandita axuda económica unha contraprestación dos traballos que

eventualmente se realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuita de fondos públicos, en forma de axuda económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.

A concesión da beca tampouco dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social.

SÉTIMA: Contido dos traballos a desenvolver.

- a) Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.
- b) Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outras información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.
- c) Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, oficina móvil, etc.
- d) Elaboración de estadísticas das oficinas de información e servizos turísticos, reflectindo perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxament elexido, etc.
- e) Actualización do inventario de recursos turísticos.
- f) Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.

Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométese á realización das devanditas tarefas con plena dispoñibilidade, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinala a Coordinadora de Turismo e Comercio, cun límite de trinta e sete horas e media semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios se as circunstancias o esixen, sen pasar nunca do límite mencionado.

Turismo de Vigo adxudicará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós becarios durante o período de disfrute da beca a unha oficina ou servizo diferente do primeiro ó que inicialmente se lle adscribira, se as circunstancias así o aconsellan.

O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu plan de traballo.

Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométese, asimismo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como os datos estadísticos recollidos diariamente durante o desenvolvemento do seu traballo.

Os traballos que os/as bolseiros/as puideran realizar durante o disfrute da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.

Os titulares das bolsas que resulten adxudicatarios/as, asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento da beca en cuestión.

Ós/ás bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.

OITAVA: Solicitude e prazo.

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases de convocatoria.

NOVENA: Acreditación de requisitos e méritos.

Os/as interesados deberán presentar as súas solicitudes no prazo fixado na convocatoria, acompañada da seguinte documentación, por orde:

- a) Impreso de solicitude
- b) Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI
- c) Currículo vitae e fotografía.
- d) Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións pública para o mesmo período.
- e) Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.
- f) Certificación académica completa ou fotocopia cotexada dela (na que se reflecta a nota global de cada curso).
- g) Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).
- h) Certificación ou fotocopia compulsada das notas en idiomas obtidas en cada curso realizado en centros nacionais ou estranxeiros recoñecidos, así como certificación do título correspondente no caso de que se teñan finalizado os devanditos estudos. No caso da acreditación de idiomas non se admitirá como documento acreditativo a autoliquidación de taxas para a expedición do correspondente título.
- i) Certificación ou fotocopia compulsada da realización de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos. Se o certificado leva o número de horas especificado polo reverso, a fotocopia deberá estar correctamente cotexada polas dúas caras.
- j) Fotocopia compulsada de diplomas acreditativos de asistencia a cursos especializados en turismo, xestión de ocio e tempo libre, ou de contido similar, sempre vencellados á actividade turística.
- k) Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido dos cursos en cuestión. Non se valorarán os inferiores a 40 horas.

NOVENA: Criterios de avaliación.

Para a valoración dos méritos e titulacións alegadas, terase en conta o seguinte baremo:

1.- Valorarase a nota media obtida ó longo dos estudos de turismo, do seguinte modo:

Sobresaínte:	1 punto.
Notable:	0,5 puntos.

2.- Cursos de formación, ata un máximo de 3 puntos.

Por cada curso complementario vencellado ó turismo (monitor de ocio e tempo libre, xornadas técnicas de turismo, congresos de turismo, etc.) 0,5 puntos.

Máster de Turismo	1 punto
-------------------	---------

Non se valorarán os cursos inferiores a 20 horas. Non se valorarán os cursos que non acrediten expresamente o contido e o número de horas realizadas, aínda que sexan títulos oficias expedidos por organismos públicos.

3.- Idiomas

3.a) Por cada curso superado na Escola Oficial de Idiomas, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma: 0,50 puntos.

3.b) Os méritos que se conteñen no seguinte cadro, valoraranse tal e como se indica, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma.

<u>IDIOMA</u>	<u>TITULACIÓN</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
---------------	-------------------	-------------------

<u>GALEGO</u>	Curso de iniciación de galego ou título homologado	0.25	Non acumulable
	Curso de Perfeccionamiento de galego ou título homologado	0.5	
	Curso de Especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	1	
	Estar a cursar unha licenciatura en Filoloxía distinta da Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, ou unha titulación universitaria, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias	0.5	
	Ter cursado unha licenciatura nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega, ou ter cursado a Diplomatura en Maxisterio, tendo cursado dúas materias de Lingua e/ou Literatura galegas	1	
	Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa	1	

<u>INGLÉS</u>	First Certificate in English (FCE) University of Cambridge	0.5	Non acumulable
	Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge	1	
	Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge	1	
	Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)	1	
	Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University	0.5	
	Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Segunda lingua estranxeira.	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Primeira lingua estranxeira.	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – inglés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	1	

<u>FRANCÉS</u>	Diplôme d`Études en Langue Française (DELF) 1er degré	0.5	Non acumulable
	Diplôme d`Études en Langue Française (DELF) 2eme degré	1	
	Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)	1	
	Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)	0.5	
	Diplôme Supérieur d`Études Françaises Modernes (DS) Alliance Française (AF)	1	
	Diplôme de Hautes Etudes Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Primeira lingua estranxeira	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – francés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Francesa	1	

<u>ALEMÁN</u>	Zertifikat Grundstufe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	0.5	Non acumulable
	Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Alemana	1	

<u>PORTUGUÉS</u>	Diploma de Lingua Portuguesa (DILP) Universidade de Lisboa (UL)	1	Non acumulable
	Diploma Intermédio de Português Lingua Estrangeira (DIPL)	0.5	
	Diploma Avançado de Português Lingua Estrangeira (DAPLE)	1	
	Diploma Universitário de Português Lingua Estrangeira (DUPL)	1	
	Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 2 niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)	0.5	
	Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 3 ou máis niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)	1	
	Curso de 1 ano lectivo de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, para estranxeiros, en calquera universidade portuguesa	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Portuguesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Portuguesa ou Galego- Portuguesa	1	
	Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 10 créditos* nas materias: Introdución á Lingua Portuguesa, Lingua Portuguesa, Lingua e Cultura Portuguesa ou Gramática Portuguesa. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).	0.5	
Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa)ou Traducción onde consten 15 créditos* nas materias anteriores. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).	1		



<u>ITALIANO</u>	2º curso do Instituto Italiano de Cultura	0.5	Non acumulable
	3er curso do Instituto Italiano de Cultura	1	
	Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Perugia (USP)	0.5	
	Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Perugia (USP)	1	
	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena	0.5	
	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena	1	
	Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Università di Roma 3	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado italiano como Primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Italiana	1	

c.3) Tódolos cursos non citados anteriormente valoraranse con 0.30 puntos e deberán ser sempre superiores a 70 horas, ata un máximo de 2 puntos por idioma.

Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou fotocopia compulsada das notas ou calificacións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.

d) 0.40 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en información e comercialización turística, ata un máximo de 3 puntos.

O contrato de traballo ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.

e) Por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos, ata un máximo de 3 puntos.

0,30 puntos.

O contrato ou certificado de prácticas ou traballo deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballados ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes.

A puntuación, por este concepto, valorarase en función do número de horas traballados ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes.

Concederanse 0,30 puntos, por cada mes traballado a xornada completa (80 horas), as xornadas mensuais inferiores a esta valoraranse proporcionalmente con aquela.

f) Por cada curso de informática en centros recoñecidos, ata un máximo de 1 punto. 0,15 puntos.  
Non se valorarán os cursos inferiores a 40 horas. Non se terán en conta os cursos de mecanografía e tampouco se valorarán aqueles que non especifiquen o contido e número de horas.

No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase mediante unha entrevista persoal cos/coas candidatos/as. A entrevista poderá incluír proba de coñecemento de idiomas, escrita ou oral.

Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/a que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.

No caso de que, unha vez adjudicada a bolsa de estudos, xurdisen renuncias, adxudicáraselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.

#### DÉCIMA: Avaliación e Resolución.

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios mencionados na cláusula anterior, por unha comisión de avaliación, que se constituirá a tal efecto. A comisión de avaliación estará presidida pola Concelleira de Turismo e Comercio, e formará parte dela o Xefe do servizo de Turismo e Comercio, e unha funcionaria do departamento de Turismo, actuará como secretaria unha funcionaria do departamento.

A Comisión de Avaliación realizará unha lista cos aspirantes admitidos e non admitidos, neste último caso, expresarase a razón da exclusión.

A Comisión de Avaliación poderá realizar proba de idiomas ós aspirantes admitidos.

A Comisión de Avaliación puntuará os méritos alegados polos candidatos conforme ó baremo previsto nas bases.

Unha vez realizada a valoración, a Concellería de Turismo elevará proposta á Xunta de Goberno Local para que adxudique as becas a aqueles aspirantes que acadaran a maior puntuación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

#### DECIMO PRIMEIRA: Notificación e publicación.

Á vista da proposta de resolución que formule a Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local resolverá a adxudicación das becas, de conformidade co establecido nesta convocatoria.

A devandita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, ou ser impugnada ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro.

A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

*A concesión da subvención notificarase persoalmente ós interesados/as nos domicilios consignados a estes efectos na solicitude. Os/as adxudicatarios/as están obrigados no prazo de cinco días naturais a comunicar á Concellería de Turismo a aceptación ou renuncia das bolsas por escrito.*

*No caso de aceptación, achegarase a ésta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma, unha vez finalizadas as prácticas e realizados todos os trámites administrativos de xustificación da subvención.*

*Se unha vez aceptada a beca, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma justificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de disfrute da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha contía polo período traballado.*

*Se transcorridos cinco días non se fixese manifestación en ningún sentido, tal feito entenderase como renuncia á bolsa e ésta concederase ó seguinte aspirante por orde de puntuación.*

*A relación das persoas que resulten designadas como bolseiros/as será publicada no Boletín Oficial da Provincia, en aplicación do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións, 38/2003.*

**DECIMO SEGUNDA: Incumprimento das obrigas.**

*A Xunta de Goberno Local poderá anular as axudas concedidas, a proposta do Departamento de Turismo, se media informe negativo do incumprimento das obrigas e previa audiencia das partes.*

*Dada a natureza da beca que se concede, consideraranse incumprimento graves do obxecto da convocatoria e conlevaría a revocación ou interrupción da axuda concedida:*

- 1.- O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.*
- 2.- Non comezar no prazo que se sinale o desenvolvemento das prácticas.*
- 3.- Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.*
- 4.- Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.*
- 5.- Fallas de puntualidade ou de asistencia non xustificadas ou reiteradas.*

**DECIMO TERCEIRA: Control de cumprimento do obxecto.**

*O control do cumprimento do obxecto, condicións e finalidade das becas concedidas efectuarase de conformidade co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coas presentes bases da convocatoria e coa Base 38ª das de Execución do Presuposto actualmente en vigor.*

*As becas estarán suxeitas ó rexime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a devandita Lei.*

**DÉCIMO CUARTA: Consideracións Xerais.**

*En todo o non recollido nestas bases lle será de aplicación directa a Lei 38/2003, de 17 de novembro.*

**17(1105).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 1.200 € A FAVOR DE CONSTRUCCIONES VIPOMAR, S.L., POR PERMISO DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CUN VALADO DE OBRA NA RÚA PRINCIPE Nº 50.EXPTE. 45961/250.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 29.08.05, conformado polo Concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:*

Con data 18 de outubro de 2002, autorizouse a CONSTRUCCIONES VIPOMAR, S.L. a ocupación da vía pública con número de expediente – 36303/250.02, cun VALADO DE OBRA de 8 x 2 metros na r/PRINCIPE, 50, para a construción dun edificio mantendo a fachada. Constituíndo unha fianza de (1.200 euros) mil douscentos euros, con número de mandamento de ingreso 200200047288 de data 18 de outubro de 2002.

Solicitada a devolución da fianza unha vez rematadas as obras, con número de documento 50147824 con data de entrada no rexistro xeral de 01-08-2005. Remítase a inspección.

Na inspección feita con data 26 de agosto de 2005, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (1.200 euros) mil douscentos euros, a favor de CONSTRUCCIONES VIPOMAR, S.L.

#### Acordo

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución da fianza de (1.200 euros) mil douscentos euros, a favor de CONSTRUCCIONES VIPOMAR, S.L.

#### **18(1106).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os xustificantes remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0528944	1.200,00	1.174,13	25,87	
“	0530179	3.500,00	3.062,98	437,02	
BALLESTA DE DIEGO JOSE	0530246	18.711,96	18.711,96		
BARBARA RODRIGUEZ BEATRIZ	0523119	113,89	54,99	58,90	
“	0523117	810,84	810,84		
“	0523118	298,79	253,89	44,90	
BERNARDEZ GIL SELA	0519389	6.000,00	5.978,65	21,35	
CABRERA RIANDE JORGE	0528941	300,00	298,00	2,00	
CEA NOGUEIRA LOIS	0520233	140,42	140,42		
“	0520232	120,00	120,00		
“	0520235	268,35	165,48	102,87	
COSTAS FERNANDEZ BASILIO	0519394	180,30	174,53	5,77	
ESPADA RE CAREY LUIS	0515699	11.539,20	11.539,20		
“	0535710	12.000,00	12.000,00		
“	0520236	1.000,00	321,40	678,60	
“	0524290	1.000,00	997,05	2,95	
GOMEZ GARCIA CRISTINA	0532161	500,00	488,77	11,93	
“	0524362	3.900,00	1.950,00	1.950,00	
“	0526105	600,00	497,92	102,08	
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0529681	186.999,98	186.999,98		
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO J.	0504213	996,00	995,18	0,82	

LATAS PARADA ANGEL	0532175	547,38	367,73	179,65	
“	0532174	146,64	146,64		
LOPEZ CUESTA ISABEL	0527339	28.000,00	27.987,00	13,00	
LOPEZ MOURE JESUS	0525150	17.492,80	17.492,80		
“	0528254	209.780,23	207.816,20	1.964,03	
MEDIERO RODRIGUEZ BELEN	0513568	1.200,00	1.188,55	11,45	
MEIRIÑO FERNANDEZ ALICIA	0531778	98,28	98,28		
OJEA PEREZ RAFAEL	0519413	337,58	337,58		
“	0519412	675,15	675,15		
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0521027	1.800,00	1.021,89	778,11	
“	0521026	11.716,00	9.716,00	2.000,00	
OTERO LAMAS FRANCISCO	0531002	150,00	148,48	1,52	
RIESGO BOLUDA JOSE	0532168	265,49	265,49		
ROCHA PARAMES CESAREO	0526999	300,00	302,48		2,48
RODRIGUEZ REY ALBERTO	0521400	1.000,00	932,39	67,61	
“	0524353	3.000,00	2.996,00	4,00	
SAAVEDRA RODRIGUEZ JESUS	0514436	175.071,57	175.116,09		44,52
SANLUIS COSTAS AVELINO	0519411	4.000,00	3.982,13	17,87	
“	0532075	68.000,00	68.000,00		
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0527341	63.462,00	60.094,50	3.367,50	
SOUTO GONZALEZ MARTA	0529893	54,99	18,33	36,66	
“	0529892	191,80	138,18	53,62	
“	0523852	120,00	0,00	120,00	
SUAREZ SANCHEZ BENJAMIN	0530999	81,00	92,75		11,75
“	0531000	113,89	113,89		
VEIGA CEDEIRA JULIA	0526086	600,00	600,00		
<b>TOTAL</b>			<b>826.383,90</b>		

**19(1107).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE SETEMBRO.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Intervención Xeral, do 31.08.05, conformado polo interventor xeral acctal., a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal, que de seguido se detallan, para incluír na nómina do mes de setembro de 2005:

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
1210	Conserxería	2.094,40
1211	Persoal	39,10
1212	Parque Móbil	256,53
1216	Patrimonio	197,20
2220	Seguridade	1.250,18
3130	Benestar Social	138,66
4130	Sanidade	281,35
4220	Educación	1.060,30
4420	Limpeza	1.591,88
4430	Cemiterios	265,03
4531	Patrimonio Histórico	360,61

4631	Atención Ciudadá	64,01
5110	Vías e Obras	2.485,48
5111	Infraestructuras	721,21
6110	Inspección Tributos	4.326,50
TOTAL		15.132,44

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **20(1108).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A EXECUCIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN DE MUROS NO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 44673/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 13.06.05 acorda aprobar o expediente para a contratación por procedemento negociado da asistencia técnica para a redacción de proxectos de construción, reforma e grande reparación de diversos muros no termo municipal.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 26.07.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) Consulting e Ingeniería Internacional S.A., 2) Ibérica de Ingeniería y Control S.L., 3) GOC S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 26.07.05 procedeu á apertura da documentación presentada admitindo as propostas.

En sesión do 29.08.05 a Mesa de Contratación formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

### **21(1109).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORAS DA TRAVESÍA DE VIGO, 1ª FASE. EXPTE. 44421/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 9.05.05 acorda aprobar o expediente para a contratación do proxecto de remodelación de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo, fase 1ª.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 5.07.05 certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 109 e no BOP nº 109 de datas 8 de xuño do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) Obras y Edificaciones Seixo S.L., 2) Construcciones Alea S.L., 3) Construcciones Obras e Viais S.A., 4) Construcciones Casas Novas, S.L., 5) Sercoysa Proyectos y Obras S.A., 6) Construcciones Crespo S.A., 7) Xestión Ambiental de Contratas S.L., 8) Oreco e 9) Movex Vial S.L. Así mesmo, recibida por correo, con aviso mediante fax, a proposición de Industrias del Deza.

A Mesa de Contratación en sesión do 13.07.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe de avaliación, que foi emitido polo enxeñeiro técnico de Obras Públicas, o topógrafo e o director de Servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo con data 23.08.05.

En sesión do 29.08.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar á empresa Indeza S.L. o concurso convocado para a adxudicación da contratación para a remodelación de beirarrúas, ao acadar a maior puntuación (81,9 puntos) do total das empresas presentadas, cónforme os pregos de condicións técnicas que rexeron o concurso e a oferta presentada, por un prezo de contratación de 741.402,40 euros.

### **22(1110).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DR. GONZÁLEZ SIERRA. EXPTE. 44673/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 11.04.05 acorda aprobar o expediente para a contratación de das obras do proxecto de humanización da rúa Dr. González Sierra.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 8.06.05 certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 84 e no BOP nº 91 de datas 3 e 12 de maio do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións: 1) Construcciones, Obras y Montajes del Principado S.L., 2) Construccions, Obras e Viais S.A. (COVSA), 3) Xestión Ambiental de Contratas S.L., 4) Construcciones Rey Solla S.L., 5) Construcciones Crespo S.A., 6) Oreco, 7) Sercoysa Proyectos y Obras S.A., 8) Obras y Construcciones Dios S.A., 8) Industrial del Deza S.L., 9) Obras y Edificaciones Seiso S.L. e 10) Construcciones Eiriña S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 13.06.05, procedeu á apertura da documentación administrativa e na sesión do 20.06.05 á apertura da documentación económica, pasándo as ofertas a informe do servizo de Vías e Obras, que foi emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras o 8.07.05, propoñendo como adxudicataria a Sercoysa Proyectos y Obras S.A.

Con data 27.07.05, a Mesa de Contratación socilita informe a Asesoría Xurídica sobre o criterio de adxudicación recollido no prego de cláusulas administrativas referente ás melloras contempladas nos proxectos, o cal foi emitido na mesma data por letrado de dito Servizo, á vista to cal a Mesa de Contratación de sesión do 1.08.05 acorda que se proceda á valoración das ofertas presentada de acordo cos criterios establecidos en dito informe.

En sesión do 29.08.05 a Mesa de Contratación formula a proposta de adxudicación que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Servoysa Proyectos y Obras S.a. o concurso para a execución das obras da rúa González Sierra polo prezo de 364.910,68 € e nos termos establecidos nos pregos de condicións técnicas e cláusulas administrativas, coas modificacións establecidas na oferta:

- Melloras incluídas na oferta por un importe de 63.246,99 €.
- Un prazo de garantía de 36 meses.
- Un prazo de execución de 77 días.

#### **23(1111).- AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DAS III XORNADAS GASTRONÓMICAS E MARISQUEIRAS VIGO-MAR 05.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe do xefe do Servizo de Turismo e Comercio conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a organización das III Xornadas Gastronómicas e Marisqueiras Vigo-Mar 05” o permiso pertinente para levar a cabo as actuacións e pasarrúas polas zonas da cidade solicitadas, así como para a celebración de dous festivais na Praza do Berbés aos días 10 e 11 de setembro.

A concesión deste permiso non exime á asociación organizadora deste evento da obtención de tódolos permisos e autorizaicóns legalmente exisibles para o desenvolvemento das actividades relacionadas.

Asímesmo a entidade organizadora deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.



O Concello de Vigo non terá relación contractual ningunha coas empresas contratadas para o desenvolvemento das actividades.

**24(1112).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN E EXECUCIÓN DUN PLAN DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA PARA A CIDADE DE VIGO. EXPTE. 1661/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da redacción e execución dun Plan de sinalización turística para a cidade de Vigo, elaborado pola Oficina de Turismo, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, elaborado pola oficina de Contratación; visto o informe xurídico de 5.09.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 2.09.05, conformado pola concelleira de Turismo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 190.000 euros para a a realización e execución dun Plan de sinalización integral: turística, orientativa e informativa, da cidade de Vigo que se imputarán á partida 7510 60100 02 do presuposto do ano 2005 (140.000 euros) e 2006 (50.000 euros).

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación por concurso aberto da realización e execución dun Plan de sinalización integral: turística, orientativa e informativa, da cidade de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**25(1113).- SOLIDARIDADE COA CATASTROFE DE NUEVA ORLEANS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, declara a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno local acorda manifestar a súa solidariedade cos cidadáns de Estados Unidos afectados polo furacán Katrina e ofrecer a súa axuda para paliar as consecuencias da traxedia.

**26 (1114).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.